



Teatro

Quercus

Fátima Peón Torres

Un espazo con terra no chan e moito ar, coa impresión dun campo inmenso no val dunha montaña.

AURORA e CIRIACO camiñan en silencio. CIRIACO leva un traxe de chaqueta branco, un maletín nunha man e un sombreiro igualmente branco na outra. AURORA é unha muller de corenta e tantos anos, fóra de lugar, cun vestido azul que lembra ao ceo do verán. Son os dous doutro tempo, e entre eles mesmos, son de tempos distintos. Detéñense logo de moito camiñar.

CIRIACO: Este é.

AURORA: Onde está? (*Silencio*) O famoso carballo, onde está? Non vexo.

CIRIACO: Iso é porque non está vostede mirando ben.

(*AURORA mira ao seu redor*).

AURORA: É unha broma. Non?

(*Silencio*)

CIRIACO: Non. Desculpe. Pode ser que eu me trabucase co lugar. Está nestas terras, asegúrollo.

AURORA: Ben, quería velo.

CIRIACO: Xa digo que pode ser que me confundise.

AURORA: E iso como é posíbel? Non é vostede o xestor de todo isto?

CIRIACO: Ten que perdoar. Vou xa vello, ás veces a cabeza xógame malas pasadas. Mais este é o lugar.

AURORA: Teño pouco tempo...

CIRIACO: Son un vello. Ten que perdoar.

AURORA: Tampouco quero que se apure pero...

CIRIACO: (*Interrompe sen violencia*) Está vostede familiarizada co mundo da mecánica cuántica? (*Non agarda pola resposta*) Erwin Schrödinger foi un físico que creou unha paradoxa explicada a través dun experimento imaxinario coñecido como o gato de Schrödinger... non lle resulta familiar? Ben, pois o experimento en si consistiría, hipotéticamente, en pechar un gato dentro dunha caixa opaca. Ao lado do gato habería unha garrafa de gas venenoso, e ao lado desta garrafa, un dispositivo sensible a unha partícula radiactiva que tería un cincuenta por cento de probabilidades de desintegrarse, de feito que, se a tal partícula fixera o propio, o dispositivo activaríase, liberando o gas venenoso da garrafa. Comprende? Se non abrimos a caixa, o gato está vivo e morto á vez. Dase unha propiedade física chamada superposición cuántica, que ven querendo dicir que o comportamento das partículas a nivel subatómico non teñen regras estrictas.

AURORA: E di vostede que non se pode abrir a caixa.

CIRIACO: No momento no que abramos a caixa, o gato terá só unha propiedade, ben a de estar vivo, ben a de estar morto. Mentres non o fagamos, danse os dous estados ao mesmo tempo.

AURORA: Pero o gato non está vivo e morto á vez. Está vivo, ou está morto, o único que hai que facer é abrir a caixa.

CIRIACO: Non podemos. Só podemos analizar o estado da vida do gato probabilisticamente.

AURORA: Aínda que o gato estivera vivo durante un tempo, se ninguén abre a caixa e non lle botan de comer, morrería.

CIRIACO: Pois mire, iso Schrödinger xa non se parou a analízalo.

AURORA: É unha estupidez.

CIRIACO: Hai moitas interpretacións. Tamén outro físico chamado Hugh Everett interpretou que en cada evento determinado por unha decisión ou un fenómeno se produce un punto de ramificación, o cal quere dicir que o gato está vivo e morto á vez, mais en planos diferentes do universo, incapaces de tocarse un ao outro debido a decoherencia cuántica. A teoría dos universos paralelos, en resumo, imaxino que iso si lle soará dalgunha historia de ciencia ficción.

AURORA: Por que me conta todo isto?

CIRIACO: Porque este é o lugar.

(Silencio. AURORA mira ao seu redor tentando atopar algo que non vira antes)

CIRIACO: Compre que lembre o que lle acabo de contar.

AURORA: Non teño tempo para isto.

(AURORA marcha)

CIRIACO: Ten vostede todo o tempo do mundo.

AURORA: Non me coñece. Teño cousas que facer. Traballo por facer. Non podó estar aquí escoitando andrómenas sobre gatos mortos.

CIRIACO: Que é iso tan importante que ten que ir facer?

AURORA: Como?

CIRIACO: Que ten que facer? O seu traballo... Por que ten tanta prisa?

AURORA: Son cantante. Teño unha actuación esta noite.

CIRIACO: Cantante! Que marabilla. Podo asistir a esa actuación?

AURORA: Eu... Non. É privada. Teño que marchar.

CIRIACO: Aínda é cedo. Non é nin sequeira a hora do almorzo. Cando actúa vostede, exactamente?

(AURORA non contesta)

CIRIACO: Déixeme adiviñar. Vostede canta ópera. Non? Pola súa roupa... Ten elegancia, sen dúbida. Ten que cantar vostede ópera, ou jazz... ou polo menos ter unha formación

clásica. Ten vostede faciana de actriz antiga, parécese a Marlene Dietrich en “Sede de Mal”, que ía de morena. Cantaba moi ben. Con voz grave. A min gustábame moito a súa voz. Aquí as mulleres cantan agudo. Non hai voces así aquí. E o alemán é un idioma que soa moi ben. Hai xente á que lle parece forte e agresivo. Eu penso que é fantástico para a ópera e a melancolía. Aínda que non sei moito nin dunha cousa nin da outra. Wagner, sóame algo, as Valkírias, o típico, pero sonlle moi simple, de música non lle sei moito...

AURORA: Pero sabe vostede de outras cousas, ¿a que si? De física cuántica, por exemplo.

CIRIACO: Sei ben o que parezo, señora Aurora, se vostede me permite a impertinencia. Teño pinta de vello estraño, de montañeiro no peor senso, si? De falcatrueiro. Ás veces tamén consigo ser un pailán coma outro calquera. Pero sálvame que o que máis aprezo é falar coa xente. Do que sexa e con quen sexa. Ah, e aparte diso, se algo tiven nesta vida foi tempo, moito tempo. Que gran tesouro. Que agradecido lle estou ao tempo.

AURORA: Non canto ópera, nin jazz.

(CIRIACO sorrí)

CIRIACO: Vaia. Adiviñei mal, logo.

(AURORA mira o seu reloxo. CIRIACO saca de vagar uns papeis dun maletín que leva consigo en todo momento)

CIRIACO: Entón, agora que xa o viu... que desexa facer?

(AURORA mira con alivio os papeis e busca un bolígrafo no seu propio bolso. Non ten. Dallo CIRIACO, que lle alcanza unha especie de contrato. CIRIACO dalle as costas para que AURORA asine sobre el)

AURORA: Facer? Non sei. Aquí non hai nada.

CIRIACO: Non entendo ás persoas que á terra lle chaman “nada”.

AURORA: Síntoo... *(AURORA remata de asinar)* Pregunte pola zona. Aos veciños. Se alguén lle interesa, venda. Non me importa o prezo. E cando teña todo listo mándeme os papeis por fax.

CIRIACO: Regresa vostede á capital? Á capital-capital?

AURORA: Sí, agora mesmo.

CIRIACO: Comprendo.

(AURORA mira ao seu redor por última vez)

AURORA: Cando foi a derradeira vez que estivo aquí meu avó?

CIRIACO: Viña moito, case tódolos anos.

AURORA: Non era iso o que me contou miña nai. Pensei que nunca voltara da Arxentina.

CIRIACO: Non lle gustaba chamala atención. Camuflábase moi ben entre os veciños cando viña. O seu avó era un home moi discreto.

AURORA: Camuflábase? Entre corenta e cinco habitantes?

CIRIACO: Corenta e catro. Fai sete meses morreunos o párroco, e aínda non nos mandaron outro.

AURORA: E vostede? Canto tempo traballou para o meu avó?

(CIRIACO sorri)

CIRIACO: Ah, sempre.

AURORA: Ben, grazas por todo. Se algún día ven pola cidade estarei encantada de recibilo.

(Danse a man)

CIRIACO: Vai ter sorte, porque a única vez que saín de aquí non pasei de Ourense. Mais se algún día fose por alá, que non penso, terei que pedirlle que me faga un concerto privado deses, para poder vela cantar.

AURORA: Claro.

(Aínda coas mans apretadas)

CIRIACO: Lili Marleen, esa foi a canción que fixo moi famosa a Dietrich. Seguro que a súa voz quedaría ben cantando Lili Marleen. Estou seguro de que coñece a anécdota sobre as derradeiras palabras da Dietrich, antes de morrer.

AURORA: Sí, aínda que non creo nese tipo de lendas.

CIRIACO: Ah, pero díxollas a un amigo que estaba onda ela no seu leito: Desexámolo todo, e conseguímolo, ¿non é?

(AURORA sorri con amabilidade e dispónse a marchar. CIRIACO queda na escena, cun sorriso que non mostra os dentes, facendo un xesto de adeus co sombreiro na man. E segue alí, despedíndoa, tempo despois de que AURORA teña desaparecido)